

## **ANUNCIO**

Na sesión Plenaria que tivo lugar o 24 de xuño de 2021 aprobouse a moción presentada polo grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego por medio da que se crea neste Concello de Coristanco un premio de carácter anual que será convocado baixo a denominación "CONTORNA E HARMONÍA".

En data 29/12/2021, por Resolución de alcaldía número 1209/2021 e derivado do Expediente 2021/G003/001289, aprobáronse as Bases reguladoras do Concurso Contorna e Harmonía.

En data 04/01/2021 publicáronse as bases reguladoras no Boletín Oficial da Provincia con número 4.

Detectados unha serie de erros na numeración das bases así como a inclusión dunha base que non corresponde a este procedemento.

En data 07/01/2022 aprobouse a Resolución de alcaldía número 4/2022 a través da que se procede á corrección dos erros detectados, así como á aprobación das bases co seguinte contido:

### **BASES DO CONCURSO CONTORNA E HARMONIA**

#### **Primeira.- OBXECTIVOS**

Esta iniciativa ten como obxecto contribuír á concienciación veciñal de que a beleza dos pobos e aldeas que conforman o noso rural, entendidas como elementos integradores da paisaxe, non dependen só da acción municipal, senón moi especialmente do esmero que poña a propia veciñanza no coidado e mantemento de todos os elementos, construtivos ou de configuración natural, que integran as súas propiedades, en canto proxectan unha imaxe colectiva de estima por aqueles valores estéticos que mellor nos definen e representan.

#### **Segunda.- REQUISITOS DOS PARTICIPANTES**

Poderán participar no concurso, (directamente ou a proposta de terceiros) calquera persoa física, estea ou non empadroada no Concello de Coristanco, sempre e cando a súa actuación ou actuacións, presuntamente encadrables nestas bases, fosen levadas a cabo sobre construcións, fincas, ou herdades comprendidas dentro do termo municipal de Coristanco.

Poderán participar igualmente as Asociacións de Veciños (AAVV) e Asociacións de Nais e Pais (ANPAS) ou calquera outras entidades do Concello que non persigan ánimo de lucro, respecto daquelas obras ou actuacións levadas a cabo por estas entidades sobre elementos de titularidade privada ou veciñal.

#### **Terceira.- ACTUACIÓNS OBXECTO DE PRESENTACIÓN AOS PREMIOS**

- a) A construción ou rehabilitación de vivendas conforme a tipoloxía tradicional da comarca.
- b) A construción de vivendas novas que, obedecendo a criterios de racionalidade e proporcionalidade de volumes, destaquen polo seu encaixe e integración harmónica na paisaxe máis próxima.
- c) A rehabilitación ou restauración íntegra de construcións auxiliares da vivenda tradicional, tales como muíños, alpendres ou pallotes, hórreos, pombais, e outras de natureza similar.
- d) A creación e composición de xardíns e zonas de recreo privadas que, lindando con espazos públicos, ou resultando moi visibles desde estes, incorporen, de xeito notoriamente creativo, especies arbustivas autóctonas, tales como mirtos, buxos, loureiros, etc.
- e) O cumprimento exemplar do deber de pintado e limpeza de fachadas e de coidado do espazo exterior das vivendas que participe tanto do seu carácter privado como da súa integración no dominio público por razón da intervención municipal, tales como beirarrúas, camiños etc.

f) O emprego de madeiras autóctonas tratadas nos peches, frontais ou perimetrais, das vivendas e propiedades en xeral, sempre que ofrezan un aspecto estético salientable e se axusten as esixencias o PXOUM e ordenanzas municipais que lle foran de aplicación.

O Xurado poderá considerar de interese e, polo tanto, entender como susceptible de ser premiada, calquera outro tipo de acción ou actuación levada a cabo polas persoas participantes nos premios, non incluídas especificamente nos apartados anteriores, pero que garden unha relación co espírito e finalidade dos mesmos segundo ven definida no obxectivo do concurso.

#### **Cuarta.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN**

As solicitudes de participación poderán presentarse mediante o modelo do Anexo I, en calquera dos Rexistros de entrada do Concello de Coristanco acompañado dos seguintes documentos:

1. Copia do NIF do solicitante, no caso de ser persoa física.
2. CIF da entidade, no caso de Asociacións e outras entidades sen ánimo de lucro, así coma o NIF do presidente ou representante destas.
3. Declaración responsable de non estar incurso en causa que impida ser beneficiario de subvencións públicas e de estar ao corrente das obrigas tributarias, da seguridade social e co Concello de Coristanco (Anexo II).

Os impresos (Anexo I e Anexo II) estarán a disposición dos interesados nos Rexistros de Entrada do Concello, onde poderán presentarse as solicitudes desde o día 1 de xaneiro ao 30 de xuño de 2022.

Coas solicitudes os interesados acompañarán os documentos e informacións determinados na norma ou convocatoria, salvo que os documentos esixidos xa estivesen en poder de calquera órgano de administración actuante; neste caso o solicitante poderá acollerse ao establecido no art. 53.1. c da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, sempre que se faga constar a data e o órgano ou dependencia en que foron presentados ou, no seu caso, emitidos, e cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento ao que correspondan.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirir ao solicitante a súa presentación, ou no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

A presentación da solicitude de participación no Concurso **Contorna e Harmonía** por parte do interesado levará consigo a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de economía e facenda da Xunta de Galicia.

O solicitante poderá denegar expresamente o consentimento, para o que deberá presentar nese caso a certificación nos termos previstos regulamentariamente.

#### **Quinta.- ÓRGANO COMPETENTE PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN**

O premio será outorgado pola Xunta de Goberno Local, previa proposta vinculante do xurado nomeado ao efecto.

#### **Sexta.- XURADO.**

O xurado estará integrado polos seguintes membros:

- Un representante das Asociacións Veciñais do Concello de Coristanco.
- O Técnico Municipal de Urbanismo.
- Un membro da Corporación Municipal nomeado polo Pleno, forme ou non parte do goberno municipal.
- Cada membro do xurado terá un voto que será emitido conforme ao disposto na base seguinte.
-

#### **Sétima.- CRITERIOS DE VALORACIÓN, PROCEDIMIENTO PARA A ASIGNACIÓN DOS VOTOS. PARTICIPACIÓN DA VECIÑANZA.**

Unha vez pechado o prazo de admisión de solicitudes, incorporárase na web do Concello de Coristanco as actuacións presentadas que optan ao premio, con detalle do seu contido, gráfico e/ou documental.

A tal fin habilitárase especificamente un enlace na que os usuarios da web poidan facer os seus comentarios e expresar as súas preferencias ao longo do mes de agosto.

As tres propostas que acaden o maior número de adhesións “gústame” constituirán a terna de aspirantes, entre os que, na primeira semana do mes de setembro o Xurado decidirá, por maioría, a actuación premiada.

Dada a natureza e finalidade do concurso á hora de emitilo seu fallo, o Xurado considerará de xeito aberto, discrecional e ponderado, se o traballo ou actuación presentado ten especial encaixe nalgún ou en varios dos apartados recollidos na base terceira, ou non estando, podería ter especial interese para o xurado por gardar relación co espírito e finalidade do concurso.

Deberá razoarse sucintamente os méritos da proposta como gañadora.

#### **Oitava.- DOTACIÓN DOS PREMIOS**

Haberá un único premio entre todas as candidaturas presentadas por un importe de **1.000 euros**, así como un diploma acreditativo ou agasallo simbólico.

Non entanto, en caso de concorrer algunha outra candidatura aos premios que, aínda que non formara parte das tres actuacións que acadaran o maior número de “gústame” dos veciños, acadara a xuízo do Xurado, méritos para un único “accesit”, dotaríase dun premio de **500 euros** e un diploma acreditativo ou agasallo simbólico.

Estas cantidades estarán suxeitas ás retencións legais que lles foran aplicables.

O Xurado poderá declarar deserto o premio, de entender que non concorren en ningún dos nomeamentos da veciñanza os requisitos de mérito e conexión co espírito do Concurso segundo o disposto nas Bases primeira e terceira destas bases.

#### **Novena.- PROTECCIÓN DE DATOS**

Os datos de carácter persoal recollidos serán tratados de acordo co establecido polo normativa vixente en materia de protección de datos. O Responsable de Tratamento dos datos persoais é:

CONCELLO DE CORISTANCO, con dirección Av. Fisterra, 112, 15147 Coristanco, A Coruña.

Contacto: [www.coristanco.gal](http://www.coristanco.gal)

#### **Décima.- ACEPTACIÓN.**

A concorrencia nesta convocatoria supón a plena aceptación destas bases.

#### **Undécima.- PUBLICIDADE.**

Na publicidade dos premios deberán constar os logotipos do Concello inxeridos ao final destas bases.



Concello  
de Coristanco

As presentes Bases serán obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia en na Base de Datos Nacional de Subvencións.

#### **Duodécima.- FIN DA VÍA ADMINISTRATIVA.**

O acto de resolución da subvención esgota a vía administrativa. De acordo co que dispón o art. 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o Alcalde deste Concello, no termo dun mes a contar desde o día seguinte da recepción da notificación, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña.

**Décimo terceira.- NORMATIVA APLICABLE**

Para todo o non previsto expresamente nas presentes bases aplicarase:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

### Anexo I

Solicitud de participación no Concurso Contorna e Harmonía				
<b>1. DATOS PERSOAIS</b>				
Nome e Apelidos		DNI/CIF		
Domicilio				
Localidade		Provincia		CP
Teléfono fixo		Móbil		Fax
Correo electrónico				
<b>2. DATOS DA ACTUACIÓN OBXECTO DE PRESENTACIÓN AOS PREMIOS</b>				
Domicilio				
Localidade		Provincia		CP
BREVE EXPLICACIÓN DA ACTIVIDADE DESENVOLTA AOS EFECTOS DE VALORAR A SÚA INCLUSIÓN NO CONCURSO.				
EXPÓN: Que coñece as Bases do Concurso Contorna e Harmonía convocado polo Concello de Coristanco, e cumpre os requisitos establecidos para a participación no mesmo.				
Polo exposto, SOLICITA: A súa inclusión como participante no Concurso Contorna e Harmonía 202x convocado polo Concello de Coristanco.				

Acompaño xunto á solicitude os seguintes documentos: <ul style="list-style-type: none"><li><input type="checkbox"/> NIF de solicitante</li><li><input type="checkbox"/> CIF entidade, no caso de Asociacións e outras entidades sen ánimo de lucro, así coma o NIF do presidente ou representante destas.</li><li><input type="checkbox"/> Declaración responsable de non estar incurso en causa que impida ser beneficiario de subvencións públicas e de estar ó corrente das obrigas tributarias, da seguridade social e co Concello de Coristanco Anexo II</li></ul>
---

En Coristanco a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 202\_\_  
Sinatura do/a interesado/a

A/A: Alcalde

## **Anexo II**

Declara que:  
(Marque o que corresponda)

- Non está incurso/a en causa que lle impida ser beneficiario de subvencións públicas.
- Está ao corrente das obrigas tributarias, coa Seguridade Social e co Concello de Coristanco.

E para que conste ante o órgano competente, asina esta declaración no lugar e data abaixo indicados:

En Coristanco a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 202\_\_.

Sinatura do/a interesado/a

E para que así conste, aos efectos de dar cumprimento ao acordado, remítese este anuncio para a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Coristanco, 7 de xaneiro de 2022.

O alcalde

Juan Carlos García Pose